

galicia

# RUTA DE SENDEIRISMO

## OBRADOIROS DE EMPREGO DE GALICIA



### Ermida de Chamorro

Ten unha famosa romería que se celebra o luns despois da Semana Santa.

Posúe dous nomes: un o de capela da Virxe do Nordés e outro o de ermida de Chamorro.



### Capela de San Antonio da Cabana

É do século XIX aínda que non ten un estilo definido.

Nas súas paredes ten unhas pinturas que, pese a non estar restauradas, permiten coñecer unhas iconografías da pintura da Idade Moderna Galega.



### Casa de Torrente Ballester

É de tipoloxía torre-pazo, habitada dende o século XVII. A súa propiedade pertence á familia do escritor Gonzalo Torrente Ballester (uns dos principais autores contemporáneos da literatura española). Foi casa consistorial entre 1834-1940.



### Dique de San Antonio da Cabana

Pertencía a un estaleiro que se fundou no ano 1810.

É un dique de mareas, é dicir, simplemente aproveitaba a preamar para meter o barco e se vaciaba ó baixar a marea sen necesidade de bombas.

Trátase dun dos diques máis antigos de España.

### Outros puntos de interese:

Igrexa e cemiterio de Serantes  
Vistas dende o Monte Reizás  
Bosque dos Nenos e das Nenas



### Puntos de interese turístico

Casa de Torrente Ballester  
Igrexa de Serantes  
Ermida de Chamorro  
Vistas dende o Monte Reizás  
Bosque dos Nenos e das Nenas  
Capela de San Antonio da Cabana  
Dique da Cabana

OBRADOIRO DE EMPREGO "SENDA DE NATUREZA"



FERROL



XUNTA  
DE GALICIA

**1º** Saída dende a Malata (Ferrol), preto das instalacións de FIMO (desvío á esquerda polas pistas de padel, 160m).

**2º** Seguimos ese camiño ata ó final e vemos un muro de pedra, temos que xirar á esquerda (197 m). Pasamos por detrás dun lavadoiro (Av. do 19 de Febreiro), e collemos o camiño que está á dereita (95m).

**3º** Seguimos todo recto ese camiño e logo xiramos á esquerda (Restaurante AZTE-K, 106 m). Cruzamos a av. do 19 de Febreiro cara á rúa Fernando Fernández Bastida (36 m). (Á esquerda aproximadamente uns 50 m está a Casa de Torrente Ballester).

**4º** Seguimos recto ata a desviación do camiño de Merendelle (Vemos un lavadoiro, 124 m). A continuación seguimos recto ata chegar ó cruce onde xiramos cara á dereita (123 m).

**5º** Antes de chegar ó seguinte cruce, xiramos á man esquerda (20 m), (camiño de pedra onde subimos á parte de detrás do cemiterio e da igrexa (196 m), que pertencen á Parroquia de Serantes).

**6º** Atopamos o cruce onde temos que xirar cara á dereita (Av. de Grandal, 253 m). A continuación atopamos un camiño que está a nosa esquerda (casa de pedra, 211 m). E subimos a pendente Serantellos núcleo.

**7º** Atopamos unha bifurcación que temos que xirar á man esquerda e seguir recto cara arriba (27 m). Cando se remate o camiño asfaltado, seguimos subindo polo camiño de pedras que se atopa no monte (200 m).

**8º** Na seguinte bifurcación collemos o camiño que está a nosa dereita. E despois atopamos un cruceiro onde seguimos cara á esquerda onde xa vemos a estrada asfaltada. A man esquerda está a Ermida de Chamorro onde se poderá realizar o primeiro descanso, (385m).

**9º** Saímos da Ermida baixando a estrada ata ver un camiño de pedra a man esquerda. Unha vez rematado o camiño de pedra xiramos a nosa esquerda e seguimos recto (39m). Na seguinte bifurcación collemos cara á esquerda (139m). Logo continuamos e baixamos todo recto (87m).

**10º** No seguinte desvío xiramos cara á esquerda e seguimos recto ata chegar á casa da auga (104m), e antes de chegar á casa vemos uns cables de alta tensión (749m), que pertencen a Parroquia de Valón.


**11º** Ó chegar ó cruce collemos cara á esquerda onde vemos un cartel cunha indicación "Bosque dos Nenos" (46m). A continuación pasamos polo camiño asfaltado e a uns metros vemos un lavadoiro e temos que xirar á esquerda por un camiño de pedras (55m).

**12º** Cando cheguemos a un cruce (139m), temos que xirar cara á esquerda. Preto está unha casa, e á nosa dereita, a uns 200 m, está a Capela de San Antonio. (Aquí realizaremos a segunda parada, 753m).

**13º** Seguimos cara diante e nos atopamos un lavadoiro (47m), que pertence a Parroquia de San Antonio da Cabana.

**14º** Seguimos todo recto ata chegar a A Cabana (172m), e fronte a nós está o paseo marítimo (77m). Para ver o Dique da Cabana xiramos cara á nosa dereita (uns 300m).

**15º** Seguimos todo o paseo e chegamos ó punto de inicio da ruta (A Malata).



Distancia: 9,25 Km  
Duración: 2h 30min  
Dificultade: Media

